

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “REXURDIR PROVINCIAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizaou coa asociación “Rexurdir Provincial” o instrumento convencional arriba referido con vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación Rexurdir Provincial de programas de incorporación social de trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste Convenio.

O obxecto fundacional da Asociación consiste en axudar ás persoas afectadas directa ou indirectamente por un problema de drogas; así como promover todos aqueles programas e actividades que contribúan á prevención do seu consumo e a reinserción socio-laboral dos drogodependentes abstinentes ou en programas terapéuticos de tratamento das súas adicións. Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, formalízase o citado convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Na prestación de atención integral a persoas con trastornos adictivos e problemática legal engadida, a través da dispensación de axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal daqueles, así como ao persoal asistencial e ás familias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

